



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CINTA 11

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0011_000_en_0_00_00_id663_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0011_000_en_0_00_00_id663.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o primeiro e único corte dos que se divide a undécima e última das entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala de asociacionismo mariñeiro e de conflitos políticos e laborais xurdidos na II República, como o da venda da raba. Tamén fala dalgúns líderes políticos e sindicais e da sorte que correron a partir do golpe de Estado de 1936, entre eles, Cándida Lago.

Esta entrevista comeza no rexistro: O MAR 10.2. (ID 662)

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 18 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, mariñeiro, armador, patrón, falanxismo, sindicato, sindicalismo, protesta, dereitos sociais, Cangas, Moaña, conflito laboral, conflito político, pesca, raba, Vigo, Solidaridad Marinera, FAI, II República, folga, pósito, casa do pobo, golpe de Estado de 1936, represalia, Cándida Lago, Garda Civil.

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRIPCIÓN DA CINTA 11



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

P: Non se meteu en nada cando foi da...

R: Non se meteu en nada porque eu niso estou completamente (?)... apoiouno moralmente porque era...

P: Pero non se chegou a organizar como se organizou a Falange.

R: Non, porque a muitos de...a... a moitos da patronal tamén os prenderon.

P: ¿Sí, tamén?

R: Si por facer pactos e non os cumprir. Por facer...

P: Por chegar a acordos...

R: Porque despois hubo acusacións de un lado a outro.

P: ¿E que outros conflitos hubo entón tamén, que outros conflitos así acorda cos mariñeiros?

R: Non sendo dese do Movimiento ¿tes apuntado algún conflito máis aí?

P: Si, eu teño conflitos, teño o conflito da raba.

R: Ese si.

P: Houbo un conflito de raba que ó parecer había dous tipos de raba, unha que traían de Noruega e outra de Islandia, e seica lle ofreceron, porque esa vendíana a de Fernando Ventura, o de Ventura.

R: E que lle querían sacar a raba, vendela eles, os do sindicato. Eles querían quitarlle a raba a Fernando, esa de Noruega, e vendela eles... a sociedade aínda. Vendela a sociedade deles. Ti se ibas á ir á casa de Ventura a buscar un barril de raba, ibas á sociedade e pedías un barril de raba que era en común, gastaches a raba para algo en común, pero como aínda en común había unha cousa, que gastaches a raba e non fixeches os cartos para pagala, ¿quen pagaba a raba? ¿a sociedade? Se levaba ganancias. que levava as perdas tamén. Entón alí non quixeron. Pero nosoutros estabamos na patronal, e como estabamos na patronal tiñamos asesores, que nos asesoraban. Dician “bueno” porque nos decían a nós “si ustedes van a casa de un señor, de un comerciante y les ofrece la raba más barata mejor para ustedes, pero después cuando no se puede pagar la raba que no se puede...(?) se queden con la deuda también” porque despois “Quién va a pagar...(?)”.

P: Porque a raba comprábase en barriles ¿non? Muita cantidade.

R: En barriles si. En barriles destes barriles de raba ¿non sabes? que eran así redondos.

E despois comprabas a hueva e despois abría o barril e sacábaslle a hueva e picabas en trociños pequeniños, pequeniños...(?) facela arenilla ¿non sabes? Pero digo eu, bueno o sindicato ofrecíache a raba, quería que se comprara a raba no sindicato, porque nese... comprábanlle a raba a un comerciante, el facía outro negocio.

P: Efectivamente decían que lle ofrecía, en Vigo, había outro comerciante...

R: Un intruso máis..

P: Que lle ofrecía a raba máis barata que o de Ventura.

R: Un intruso. Pero agora decía eu. Muitas veces, dun día, dun ano para outro, quedabas empeñado coa raba. Dábase a casualidade de que non se facían os cartos para a raba e quedábanlle a cargo do armador, porque quen quedaba alí apuntado no almacén donde comprei a raba era o armador, que non eran os mariñeiros. Alí convenceronse e non...(?) “Porque ti eres patrón. Eu son patrón e armador, pero como patrón firmo que tirei a raba ó mar. Eu como armador digo que a compraches ti, e ti como delegado dos obreros firmas como que comprabas ti a raba, e cando non”...

P: Por que a raba desquitábase do monte maior ¿non?

R: Do monte maior. Cando se facturaba, os primeiros cartos que viñan do pescado era para os gastos, non levaba nada o armador e levaba...



instituto de
estudos das
identidades

P: O armador compraba a raba e os mariñeiros tiñan que saber o precio, o coste da raba, tiñan que saber o dos barriles porque firmaba entonces un...

R: Non firmaba nada.

P: ¿E como sabía canto gastaba usté cando, gastaba o armador? ¿Tiñan un delegado alí metido?

R: Non porque era ó día.

P: Era ó día e se había tantos barriles de tantos barriles valía tanto e...

R: Ahora mismo de terra levabas un barril de raba para o mar, que che costaba 100 pesetas, 20 duros e levábalas para o mar e gastáchea e non pescache, ves empeñado para terra con vinte duros, e veñen a cargo... responde por eles, eses vinte duros, o armador. Mañán pescaches, tes que pagar a que levaches hoxe e mais a de mañán. Tes que pagar os dous quións que levaban. Un que quedaches empeñado e o outro que levas de novo. Ah! Pero a xente non quería pagar o atrasado, quería que as deudas as pagara o armador, e por iso veu o conflito da raba.

P: ¿A sociedade de armadores tiña algún nome?

R: Non.

P: Non. E a dos mariñeiros sí, en principio chamábanlle Solidaridad Marinera.

R: Solidaridad Marinera.

P: Iso foi en principio pero despois...

R: Despois veu o sindicato, veu a FAI.

P: Si despois veu Fraternidad Marinera ¿non?

R: Fraternidad Marinera, despois de última veu a FAI.

P: A FAI xa case no 36.

R: Porque a FAI recollía a estes de aquí, a de parejas, a de bous, a de todo, xa collía o litoral todo. Porque despois na República a sociedade fíxose dueño de todas as empresas, quería facer dueño de todas as empresas, porque na patronal había cada conflito tremendo, cos barcos de arrastre, chegaba un momento de non ter xente para ir ó mar, amarrar os barcos os armadores, e iso que non tiñan gastos, os gastos todos que había a manutención o comestible que levaban para o mar iba a monte maior, pero o combustible de gasoil, de utensilios de pesca, iso todo iba a cargo do armador... (?)

P: Houbo así algúns outros conflitos que non eran relacionados co mar pero afectáballe a veces ó mar. Houbo uns mítines, ou uns debates sobre a lei agraria, no 32, que se fixeron uns mítines aquí en Moaña, e normalmente aínda que foran da lei agraria, participaban os mariñeiros todos do sindicato ¿non? Cando fora o problema das cordelerías de Meira tamén iban os mariñeiros a apoiar.

R: Iso era apoiar particularmente, non a entidade. Tiña outro nome. A entidade, o fondo da entidade era o apoio da sociedade unhas as outras. O costume deles era, quen vai a huelga, aquel ¿por qué? Por isto e por isto, pois hai que lle ir a axudar á huelga, “hai que ir a huelga, hai que ir a huelga”,... Aínda que ti esteas compensado con túa compensación que che compensan, pero como eres do ramo aquel, hai que apioialo.

P: ¿Eles cando iban ó mar, era obrigatorio estar afiliado no sindicato deles ou iba ó mar quen quería?

R: Obligáronnos, obligáronnos.

P: Se non estaban afiliados ó sindicato non podían ir ó mar.

R: Non . Non iban a ... Se non estabas afiliado ó sindicato chámalle esquiro, chámalle esquiro.

P: O Esquiro, todos os mariñeiros practicamente estaban afiliados, entonces.

R: A última hora aquí non había iso porque toleraban todo ¿non? pero o ritmo da entidade era esa, apoiar a todos os que sean socios. O barco agora non ten xente para ir a costa, e non vai ó mar, e ¿por qué non vai ó mar? Porque non ten xente, e leva esquiroles, “Ah pois iso, non pode ser, eses esquiroles non poden ir ó mar”. Por iso dos esquiroles, e por iso foi



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

porque o Pósito ... (?) unha embarcación. O pósito de Pescadores cando foi desa huelga de un ano ¿comprendes?... compraron unha lancha para os socios, para os socios do Pósito e foron todo o ano ó mar.

P: E chamáronlle esquiroles ós que iban ó mar eses.

R: Claro. E chamáronlle os outros esquiroles á aqueles, de maneira que o Pósito non tiña máis dereito que, como sociedade había, e o Pósito, un caso que fora un mariñeiro, un de alá, que estaba de huelga a ir ó mar cos do Pósito, o Pósito recollíaos... e cando ó Pósito non lle facía falta non llos daba, Esa é cousa que non ten cabeza todo é baseado, todo, todo na política, todo. Permanece, todo termina na...(?).

P: No 34 hubo un intento de unha revolución en Asturias e foron detidos todos os do sindicato e chegaron a prohibir o sindicato, e os cabecillas... ¿non se acorda?, e tamén sobre ese ano tamén houbera unha manifestación aquí en Moaña porque protestaban contra a entrada libre de peixe que entraba en Huelva, en Isla Cristina, en Moaña chegarase a facer unha manifestación grande, para que non entrara o peixe libre, que fora o peixe baixo lonxa controlado,

R: Non me dou conta deso.

P: E eles chegaron a facer o que era a casa do pueblo ¿non? Aquela que fixeron na Seara, en principio...

R: Pero a casa do pueblo é cando Romero fixo o sindicato. Cando Romero era alcalde foi cando fixeron a casa do pueblo, pero era a casa do pueblo dos socialistas, e non tiñan metido... foi cando os outros puxeron a CNT. Fixeron un sindicato tamén puxeron o nome da CNT, porque eles tamén fixeron unha casa.

P: En principio era donde está agora a casa do concello e despois vendéronno ¿non? Despois pasaron a facela na Seara.

R: Na Seara. Donde estivo alí o de pagar a contribución. Pero a casa da CNT, a casa que se dicía dos socialistas era onde está o ayuntamiento (rectifica), ayuntamiento agora. Esa fixoa igual que era para favorecer a Romero cos cartos do pueblo.

P: ¿E aquela da Seara?

R: Aquela era do sindicato.

P: ¿Que a costeaban entre eles? ¿Iba do monte maior ou os socios ou afiliados pagaban unha cuota aparte?.

R: Pagaban unha cuota... pagaban unha cuota do bolsillo deles.

P: Non sabe máis ou menos canto.

R: Mandábanlle poñer 100 pesetas.

P: Cen pesetas, iso é muito daquela época ¿non?, 100 pesetas que sería ó ano.

R: O total 100 pesetas. Aquela era pola cuota, que era a cuota sindical. Pero despois púxeronlle... pero despois púxéronlle o un por cen do que ganaban. Puxeron 100 pesetas e ó mirar que a xente non aceptaba puxeron o un por cen, se ganaban pagaban o un por cen.

P: ¿E o Pósito estaba feito xa? non

R: Non.

P: O Pósito fíxose despois.

P: ¿Quen era así o máximo cabecilla?

R: Os máximos cabecillas eran os Cancelas de aí arriba.

P: Os Cancelas que vivían na Canexa.

R: Que vivían alí na Bouza, os Vilariños...

P: Había un de Meira tamén o Veiga.

R: Os Casqueiros, o Veiga. Ese Veiga anduvo por todo, ese operou máis na Ribeira de Vigo que aquí en Moaña, ese operou máis na Ribeira de Vigo. Porque estes eran os do sindicato que se iban a meter á Ribeira cando viñan as embarcacións e paraban o peixe, e pararon todos bonitos (barcos que andaban ó bonito ?) Non había autoridade pois (?) e de aí veu o lío todo, eu acórdome cando foi diso, cando mataron a... cando fusilaron a Vilariño.



instituto de
estudos das
identidades

P: ¿A Fandiño?

R: A Vilariño¹, que andaba... porque colléronno en Vigo no frontón. todos cantos foron a declarar de aquí de Moaña, todos eh!, todos declararon a favor deles. Todos declararon a favor deles, foi pola requisa de armas ¿non?, porque daquela, eu acórdome, que chegara alí a falar, non sei quen era. Acórdome que foran a buscar a Manu... a Vilariño a casa, estaba na casa, e viña de aquí do puesto un sargento da Guardia Civil e mais dous ou tres guardias.

P: ¿Como lle chamaban, o “Rabioso”?

R: Non, o “Rabioso” non era. Aquel era da Guardia Civil pero este era carabiniro, era cando estaban as tropas na guerra. Porque foron... mandaron prender, porque estas eran as órdenes que viñan dos outros pueblos ¿non? Onde estaban fichados era alá, non estaban aquí. Aquí coñeciannos como de vista. A fulano de tal... a fulano de tal a buscalo, Manolo de Vilariño², tal día, tal día, tal día, “¿ustedes... a requisa de armas?” E cando estaba Fandiño de alcalde, e el negaba rotundamente, e coa mesma o día que viña descrito que fora a requisa de armas, aquel día non fora, non fora ningún día, pero estaba na lista de ir e nunca quixo ir, e con todas as pruebas que tiñan alí de todos cantos... porque o mesmo día que o acusaban de ir a requisa de armas, aquel día mesmo tropezaron a patrulla con el no panteón, aquel mesmo día, a mesma hora estaba avisado por outro conduto pero non por ese conduto, pola requisa de armas. El confesou sempre hasta última hora que non fora á requisa de armas.

P: ¿O Vilariño quen era o home de Nieves de “Anxelo”?

R: Era irmán.

P: Era irmán.

R: ¿De Nieves de “Anxelo”?

P: ¿Non era Vilariño?

R: Era Vilariño, pero era irmán.

P: E cando detuvieron á xente, facíanas... xuntabannas... habilitaban cárceles ó mellor unha casa do pueblo, alí na Seara facer unha cárcel e facíase un comité popular digamos, un comité...

R: Mandaban prender ó fulano, prendíanno, aquí por orden de aquí non houbo ningún.

P: Pero non lle facían xuízos así públicos.

R: Aquí nada.

P: Non.

R: Aquí non xuzgaron a ninguén, facían os condutos polas cousas que os encausaban, por aquilo, por aquilo, por aquilo. Miraban se estaba ben ou estaba mal, e viñanno buscar e listo. Aquí as mortes que se fixeron aquí foron polo conduto particular. Hechos como, “que me fixeche ou que che fixen”, e os que máis condutos tiñan, tiñan os políticos, a Fandiño ¿porqué mataron a Fandiño?

P: E a Fandiño que o acusaron de queimar a igrexa de...

R: Non, non. A Fandiño acusáronno de masón, porque o fillo veu de América, de Nova Iork, e cando veu para aquí veu de Nova Iork, e cando estaba aquí era como un compañeiro coma todos, despois marchou para Nova Iork. E alá pois, meteuse algo na masonería con xente que coñeceu alí, con masóns e tal, e despois aquí tomáronno por masón, pois mira que hubo xente... canta xente se ofreceu a ir de testigos, pero en Vigo non reconoceron nada, estaba alí xuzgado como masón, e masón e masón e masón era ¿non?... pero delito non cometía.

P: A usted acórdalle algo, falarlle algo da guerra dos carlistas... de falarlle o abuelo ó mellor, da Semana Trágica de Barcelona e da Guerra de Cuba, tampouco, non solían falarlle ¿non?

R: Non. Non oín falar diso.

¹ A Jesús Vilariño, José Fandiño (alcalde) e José Fervenza Pena, fusiláronnos no frontón do Castro de Vigo o 31-12-1936 (Causa 1212/36).

² Manolo Vilariño, irmán de Jesús foi condenado a cadea perpétua.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

P: ¿E como foi a morte de Cándida Lago?

R: Pois ela viña nunha manifestación da CNT.

P: ¿Que coincidira coa República?

R: Si, na República, era Corbacho o jefe, que era maestro de escuela, era maestro de escuela, e había unha manifestación aquí no...

P: ¿Viña Romero tamén?

R: Romero non viña. Porque Romero é de outra política, porque Corbacho era máis afiliado á CNT.

P: ¡Ai! e Romero era radical.

R: Era radical. Entonces claro, pois estaban na Juventud Católica... Os poucos, o difunto de Pepe de "Pazos" o difunto de Pepe de "Fontes", estaban alí 10 ou 12, os de Primitivo... e ó chegar a boca da Canexa organizase un tiroteo.

P: ¿Tiroteo entre quen?

R: Porque veu a Guardia Civil, encima deles xa, e ó chegar a Guardia Civil organizase un tiroteo. Porque a Guardia Civil veu enseguida ¿non? E ó chegar á Canexa, pois a subir para arriba organizase un tiroteo e aparece... (?) a Guardia Civil.

P: ¿Non se sabe quen disparou?

R: E nisto foi cando colleron a Abelardo, José (?). Ese era acusado polos deles, pero a quen acusaban os de aquí ¿comprendes? era a Corbacho, contra quen disparara Corbacho.

P: Acusaban de dispararlle Corbacho.

R: ¿Como?

P: Acusaban a Corbacho de disparar ou que querían dispararlle a Corbacho.

R: Querían dispararlle a Corbacho, pero... querían matar a Corbacho, pero Corbacho matara a muller esa,. A que matara á esa muller fora Corbacho, porque cerrouse o tiroteo alí e ...(?)

P: E levaba armas daquela o...

R: Claro.

P: Despois ó final ¿non se chegou a saber?

R: ¡Que val! non se chegou a saber nunca.

P: Porque chegara a haber un xuízo en Pontevedra e todo ¿non?

R: En Pontevedra pero non había testigos... (?) despois tiña esa pandilla de... todo no sindicato, "Os Romeros", "Os Taconeros" que eran unha pandilla de gansteres todos.

P: ¿E aquí chegou a haber a CEDA, en Moaña?

R: ¿Cómo?

P: ¿Chegouse a formar a CEDA en Moaña?

R: Non. Quixeron formala pero non. Non porque...

P: ¿E por parte das dereitas non había xente que estivera tamén armada, organizada?

R: Armada, todo o mundo estaba.

P: Estaba todo o mundo ¿non?

R: Armadas nas súas casas, porque cando empezaron a botar bombas nas casas e iso, pois non tiveron máis remedio que armarse.

P: ¿E donde se conseguían as armas, quen as conseguía? comprábanse por aí...

R: Ahora que...É que moitas armas, moitas veces as tiñas de juventud ¿non? Unha pistola e iso despois usábasna para... se tiñas unha escopeta usábasna moitas veces cando ibas ó mar, porque se ibas ó mar e non levabas unha escopeta era mellor que non foras ó mar, porque che viñan os arroaces e che comían todo o aparello. Coma che viñeran os arroaces cando estabas a traballar perdías o aparello, peixe e todo.

P: E levaban a escopetas para matar os arroaces.

R: Aquí deron permiso para defenderse dos arroaces ¿non?... Un alcalde que... era de alá de Figueirido

P: ¿Como lle chamaban



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

R: Non me acorda. Que era da Fraga.

P: ¿Saavedra? Saavedra non sei se chegou a ser alcalde ou non.

R: Non...(?) era da Fraga, era o mellor contribuyente que tiña o ayuntamiento, un dos maiores contribuyentes que tiña o ayuntamiento de Moaña.

P: ¿E era da Fraga?

R: Da Fraga.

P: Non sei, na Fraga hai moitos Juncas, ¿e que lle pasou a ese alcalde?

R: Era cando eses tiroteos, era cando estaba neses tiroteos.

P: Dos tiroteos do 36, ¡ou do 36!, do 33. porque alcaldes, ¿non sería o Pereira Molanes, Manuel Pereira Molanes? Ese foi mestre, despois alcalde o que estivo desa foi o Seoanes, “Botatronos”.

R: Ese foi no Movimiento, u dígoche na República.

P: ¿Na República quen foi? foi Romero e Fandiño.

R: Máis para atrás.

P: Máis para atrás, o primeiro foi Ernesto Carballo que tiña a fábrica do Con.

R: Máis para atrás aínda, inda máis para atrás.

P: Máis para atrás de Ernesto Carballo ¿dos primeiros da Republica? non me dou conta, sei que despois na dictadura de Primo de Rivera fora Carballo, fora Manuel Pereira e Ricardo Simil. non sei.

R: ¿De donde eran eses non sabes?

P: Eses eran maestros ¿E non se acorda de cando veu a dar os mítines González Rodal?